

Igrexa parroquial de Santa María Madanela

060155

Datos de Localización

Igrexa

Nomenclator: 3207807
Coord. UTM: X: 61831042
Y: 466479121
Concello: Sarreaus
Parroquia: PARADIÑA
Lugar: Paradiña
Tipoloxía: Arquitectura Relixiosa
Tipo: Igrexas
Subtipo: Igrexa



Denominación: Igrexa parroquial de Santa María Madanela

Etaapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Edificio exento de planta rectangular, dunha soa nave, con presbiterio destacado en planta e en altura e con sacristía adosada no lado Norte. Os muros son de perpiaño encintado e a cuberta a dúas e catro augas con tella francesa. Fachada principal sinxela con porta alintelada con inscrición no lintel remarcada en vermello: "ESTA ES YGLESLIA DE REFUGIO/ SAGRADO". Espadana dun só arco, con arquitrabe no arranque do arco, e sobre el frontón triangular con vano central, cruz florenzada superior e pináculos piramidais sobre base prismática e rematados en bolas, aos lados. Na fachada Sur, porta enmarcada por bandas con oreleiras nos esquinais superiores. Presbiterio con vanos abucinados nos laterais, reloxo de sol no lado Sur, entaboamento superior corrido e pináculos piramidais rematados en bolas nos esquinais do tellado.

O adro da igrexa está cerrado cun muro de perpiaño e alberga numerosas sepulturas e panteóns.

Na visita pastoral de 1648 recóllese o seguinte a propósito desta igrexa: "*Visitó la Iglesia de Santa María Magdalena deste lugar y custodia del santissimo sacramento pila bautismal y hornamentos que allo con decencia y limpieza y allo que en esta yglesia no ay crismeras par los santos oleos que se sirve con los de santa maria de codesedo donde es anejo (...)* y *allo que la dicha iglesia la edificaron los vecinos de paradiña y codesedo*" (Libro de visitas y cuentas, 45-6-9, visita del 27 de agosto de 1648, folio 49). No apartado de mandamentos ordéase que se dote á igrexa dunhas "crismeras" para os Santos Oleos e que se faga un retablo: "*con tres caxas para tres imágenes la una de santa maria madalena y la otra del angel y la otra que los vecinos quisieran*".

Nos axustes de contas entre os anos 1657-1665 anótanse descargos para "*mudar los colaterales e para pagos dos retablos de Nosa Señora e Santo Cristo*". (Libro 35-6-9, folios 64 volto-75 volto). No libro 45-6-10 da parroquia de Codesedo aparece citada como "*hermita de Santa María Magdalena*", feita polos veciños do lugar de Paradiña, cun contrato co abad de Codosedo para decir misa os días festivos excepto os días de Pascua. En visita do 7 de outubro de 1612 faise unha descrición do que xa se considera igrexa: "*(...) y el señor visitador entro en ella y no allo custodia ni el santissimo sacramento de la eucaristia (...)* y *aver tres o cuatro años que se acabo de hacer la dicha yglessia del dicho lugar a su costa, y la dicha yglessia es de una nave de silleria muy bien labrada con una torrecilla de piedra con una cruz encima de piedra no tiene campana la covertura es toda de madera de castaño (...)* tiene un altar y en el la imagen de de Santa María Magdalena de vulto dorada que es la advocación de dicha yglessia y tiene la puerta al mediodia con su llave (...)" (libro de visitas, visita do 7 de outubro de 1612, folio 2). Nas visitas á feligresía de Santa María de Codosedo, durante o século XVIII séguese citando a igrexa de Santa María Magdalena. Na visita do 31 de outubro de 1719, recóllese que a igrexa (anexo de Codosedo) está sin crismeras

para os Santos Oleos e apúntase a necesidade dun misal e manual, pois son moi vellos os que hai (Libro de visitas, 45-6-10, folio 99).

BIBLIOGRAFÍA:

- FERNÁNDEZ OTERO, J. C., *Apuntes para el inventario del Mobiliario .litúrgico de la Diiócesis de Orense*. Fundación Barrié de la Maza, Pontevedra, 1983, p. 255
- JUANA de , J., *A Alta Limia (A Terra que medrou vencellada a unha lagoa)*. Ir Indo, Vigo, 1993, p, 104.

DOCUMENTACIÓN:

- A.H.D.OU.
Libro de visitas contas da parroquia de Codosedo, 45-6-9.
Libro de visitas da parroquia de Codosedo, 45-6-10.

Características Construtivas

Plantas:	Baixa
Edif. Anexas:	
Mat. Fachada:	Granito
Mat. Estrutura:	Granito e madeira
Mat. Cuberta:	Tella
Elementos singulare	
Construtivos:	
Decorativos:	

Delimitación do Ben e da contorna

Situación:	Outros
Area de Protección:	100 m.

Protección

Tipo de ben:	Inventariado
Proposta de tipo de ben:	
Estado de Tramitación:	Declarado
Nivel de Protección Arq.:	Integral
Proposta Nivel de Protección Arq.	
Grao de Protección Arq.:	-----
Proposta Grao de Protección Arq.	-----
Xustificación da Protección:	
Titularidade	
Polígono:	
Parcela:	

Conservación Intervención

Conservacion-Intervencion

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Relixioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles











